

XXIV PREMIOS IRMANDADE DO LIBRO – BASES DE LIBRARÍA

Ten por obxecto premiar o labor profesional realizada a prol do libro e da lectura no ano 2014 por parte das librerías galegas pertencentes á Federación de Librerías de Galicia.

Os interesados deberán achegar unha memoria explicativa da proposta na que se destaquen os méritos da candidatura e, sobre todo, a súa actividade profesional e a súa participación na promoción e difusión do libro e a lectura, a incorporación e utilización de novas tecnoloxías ao servizo do libro, da lectura e da cultura en xeral no contorno no que desenvolve o seu traballo, así como as súas achegas á defensa solidaria dos intereses do colectivo de libeiros e do seu prestixio profesional.

As propostas deberanse enviar á Federación de Librerías de Galicia, antes do 3 marzo de 2015, por correo electrónico a libreiros@librarias.org, por correo postal ao enderezo *República do Salvador, 28 entrecán B. 15701 Santiago de Compostela* ou por fax o 981599958.

As candidaturas poderán ser presentadas pola librería interesada, por outra librería ou colectivo de libeiros, polas Agrupacións de Libeiros pertencentes á Federación de Librerías de Galicia e pola propia Federación.

O gañador, recibirá unha figura alegórica de bronce, e un diploma, que será entregado no transcurso dun acto que se celebrará o 14 de marzo de 2015, en Santiago de Compostela.

O xurado estará formado polas seguintes persoas: A presidenta da Federación de Librerías de Galicia que presidirá o xurado con voto de calidade. Un escritor ou escritora en lingua galega. Un profesor de lingua e literatura galega. Un representante da Xunta de Galicia. Un bibliotecario ou bibliotecaria. Un libeiro ou libreira, pertencente á Federación de Librerías. Actuará como secretario, con voz e voto, o secretario de Federación de Librerías de Galicia.

A participación no certame, implica a plena aceptación das bases.

Santiago de Compostela, xaneiro 2015